

### A ORDE DE ADQUISICIÓN/TRANSMISIÓN DE CERTIFICADOS DE DEPÓSITO PARA ACCIÓNS DE TRIODOS BANK (CDA)

**NON SON TITULAR de CDA de Triodos Bank \***  **SON TITULAR de CDA Triodos Bank**

Ordeno  **ADQUIRIR**  **TRANSMITIR** } Certificados de depósito para accións, pola cantidade de \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ €  
 Prezo unitario por certificado \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ €  
 Número de CDA \_\_\_\_\_

Cargarase na conta corrente de Triodos Bank asociada unha comisión por transacción do 0,5 %, cun mínimo de 5 euros, por cada compra/venda de certificados de depósito. Estes custos de transacción serán calculados sobre o prezo total da transacción, é dicir, o prezo do certificado de depósito multiplicado polo número de certificados de depósito adquiridos ou vendidos.

A súa comisión por esta transacción será de: \_\_\_\_\_ € Para cubrir por Triodos Bank  
 Total orde: \_\_\_\_\_ €

Escolla a forma de retribución dos seus CDA que máis lle conveña:

**Mediante subscripción gratuíta de novos CDA, sen retención fiscal**  **En efectivo, mediante ingreso na conta asociada, con retención fiscal**

Letra país D.C. Entidade Oficina D.C. Nº Conta

Conta asociada aos seus certificados de depósito para accións **E S** \_\_\_\_\_ **1 4 9 1 0 0 0 1** \_\_\_\_\_

\*Para adquirir certificados de depósito para accións é necesario que, previamente, sexa cliente de Triodos Bank. Se non é vostede cliente, deberá abrir unha conta corrente. Para estes efectos, cabe sinalar que o prezo dos CDA pode cambiar en calquera momento. En caso de que se produza un cambio no prezo dos CDA, a súa solicitude de compra será anulada. A execución da orde non se efectuará ata o momento no que existan fondos suficientes e efectivamente dispoñibles depositados na conta. Dispón de máis información en [www.triodos.es](http://www.triodos.es) ou chamando ao 902 360 940 / 916 404 684. O prezo por CDA flutuará segundo a valoración descrita no folleto oficial para a emisión de certificados de depósito para accións de Triodos Bank NV, accesible en [www.triodos.es](http://www.triodos.es). O pagamento/cobramento do prezo da adquisición/transmisión do(s) seu(s) CDA realízase a través da súa conta asociada en Triodos Bank. Informámoslle de que tanto a conta asociada como a opción de retribución escollida indicadas neste formulario xurdirán efectos para todos os certificados da súa titularidade, independentemente da data de adquisición. Os CDA só poden ser adquiridos por un titular, sen que se admitan cotitulares nin autorizados ou proindivisos. A orde de adquisición/transmisión será executada polo número enteiro de CDA e a súa fracción correspondente, resultante de dividir a cantidade destinada á adquisición entre o prezo vixente do CDA na data de execución da orde. Sobre dito importe, cargarase na súa conta corrente asociada a comisión por transacción correspondente.

### B DATOS OBRIGATORIOS DO TITULAR

Nome \_\_\_\_\_ Apellido 1 \_\_\_\_\_ 2 \_\_\_\_\_ Sr.  Sra.   
 Profesión \_\_\_\_\_ E. civil \_\_\_\_\_ Data de nacemento \_\_\_\_\_ NIF/NIE \_\_\_\_\_  
 Domicilio habitual \_\_\_\_\_ Poboación \_\_\_\_\_ C.P. \_\_\_\_\_  
 Provincia \_\_\_\_\_ Tel. particular \_\_\_\_\_ Móbil \_\_\_\_\_ E-mail \_\_\_\_\_

De conformidade coa lexislación vixente sobre prevención e branqueo de capitais e a normativa MiFID sobre servizos de investimento, é obrigado cubrir os seguintes campos:

Traballador por conta propia  allea  Data autónomo \_\_\_\_\_ Cargo \_\_\_\_\_ Sector de actividade \_\_\_\_\_  
 Empresa \_\_\_\_\_ Ingresos anuais brutos \_\_\_\_\_

Lembre que pode consultar o estado das súas ordes chamando ao 91 640 46 84. Esta comunicación quedará rexistrada por Triodos Bank conforme coa regulación vixente durante un período de 5 anos, e estará dispoñible para vostede durante ese período, de requerila.

### C ASINE AQUÍ

Fecha \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20 \_\_\_\_\_ Sinatura do Titular \_\_\_\_\_  
 Hora \_\_\_\_ : \_\_\_\_

Triodos Bank NV S.E.

  
 Mikel Garcia-Prieto  
 Director General

**!** Se vostede non é **TITULAR DE CERTIFICADOS DE DEPÓSITO**, ou non realizou anteriormente un test de conveniencia cun resultado APTO nos tres anos anteriores e un test de mercado obxectivo con resultado positivo no ano anterior, para a súa correcta tramitación é necesario que encha os tests que se encontran dispoñibles na web.

Lea detidamente a cláusula de consentimento e aceptación do contrato de execución de ordes e a outra documentación relacionada que figura no reverso deste impreso. A sinatura desta solicitude implica a súa aceptación.

**CLÁUSULA DE CONSENTIMIENTO E ACEPTACIÓN DO CONTRATO DE EXECUCIÓN DE ORDRES**

Por medio deste documento, o(s) asinante(s), no propio nome, no nome da entidade á que representa(n) ou na súa condición de representante(s) legal/legais ou apoderado(s), declara(n) que: i) coñece(n) con suficiente antelación e acepta(n) as condicións do folleto para a emisión de certificados de depósito para accións, publicado consonte á Directiva Comunitaria CE/809/2004, e rexistrado perante a Autoridade dos Mercados Financeiros holandesa (AFM). O resumo do folleto, cuxo extracto está incluído no reverso deste documento, está publicado na páxina web da Comisión Nacional do Mercado de Valores ([www.cnmv.es](http://www.cnmv.es)) e dispoñible a través de [www.triodos.es](http://www.triodos.es); ii) acepta(n) ter recibido toda a información necesaria para ordenar a subscrición/transmisión de certificados de depósito para accións de Triodos Bank e nomeadamente coñecer e aceptar os apartados «Restricións de venda e transferencia» e «Factores de risco» contidos no folleto publicado na CNMV, así como o contido dos documentos «Análise de risco dos CDA» e «Información fiscal relevante para os titulares de certificados de depósito para accións de Triodos Bank»; iii) dispón/dispoñen de acceso regular a Internet e dun enderezo de correo electrónico que figura neste formulario; iv) acepta(n) como medio de acceso á información do produto e de Triodos Bank o sitio web [www.triodos.es](http://www.triodos.es); v) declara(n) coñecer e aceptar os documentos de «Declaración de políticas aplicables en Triodos Bank NV S.E.», nomeadamente nos seus apartados relativos á política de execución de ordres de Triodos Bank e ás políticas organizativas, de tratamento de información privilexiada e de xestión de conflitos de interese, e as «Condicións xerais do servizo de recepción, transmisión e execución de ordres de compra/venda de certificados de depósito para accións de Triodos Bank NV», así como a existencia de Rexistros nos que constan as ordres de execución, as operacións realizadas e os contratos subscritos cos clientes. Así mesmo, declara(n) que: 1) os seus datos persoais facilitados a Triodos Bank son verdadeiros e exactos; 2) é/son maior(es) de idade; 3) coñece(n), acepta(n) e ratifica(n) o consentimento informado prestado para o tratamento dos seus propios datos persoais consonte á cláusula de protección de datos persoais contida no Contrato Global para persoas físicas residentes ou, no seu defecto, no Contrato Global para persoas xurídicas, de non lles ser aplicable o anterior, tamén declara estar informado das actualizacións destas cláusulas e da Declaración de privacidade de Triodos Bank, 4) no caso da contratación de certificados de depósito para accións de Triodos Bank de xeito non presencial (vía electrónica ou telefónica), declara(n) coñecer que dispuxo/dispuxeron coa suficiente antelación da información referida a dito produto de investimento, dispoñible en soporte duradeiro en [www.triodos.es](http://www.triodos.es), así como ao sistema de resolución de conflitos a través do Servizo de atención ao cliente e á existencia de comisións e gastos repercutibles (tamén sempre accesibles solicitando información escrita no 902 360 940, no 916 404 684 ou en [www.triodos.es](http://www.triodos.es)).

**VERIFICACIÓN DE DATOS LABORAIS**

O(s) titular(es) foi/foron informado(s) por Triodos Bank N.V. Sucursal en España de que a lexislación vixente sobre prevención do branqueo de capitais obriga ás entidades bancarias a obter dos seus clientes a información da súa actividade económica e a realizar unha comprobación da mesma. Con este exclusivo fin de verificación da información facilitada, preste/prestamos o meu/noso consentimento expreso a Triodos Bank NV S.E. para que no meu/noso nome poida solicitar ante a Tesouraría Xeral da Seguridade Social esta información. Os datos obtidos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social serán empregados exclusivamente para a xestión sinalada anteriormente. No caso de que a entidade financeira e/ou o persoal que nela presta servizos incumpriren esta obriga, executaranse todas as actuacións previstas na Lei Orgánica 15/99, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e na normativa que a desenvolve.

**QUE ACONTECE UNHA VEZ ENVIADO O FORMULARIO DE ADQUISICIÓN/TRANSMISIÓN?**

No momento no que recibamos este formulario asinado e a documentación requirida, procederemos a tramitar a orde de adquisición/transmisión de certificados de depósito para accións de Triodos Bank. Se vostede non é TITULAR DE CERTIFICADOS DE DEPÓSITO, ou non realizou anteriormente un test de conveniencia cun resultado APTO nos tres anos anteriores e un test de mercado obxectivo con resultado positivo no ano anterior, para a súa correcta tramitación é necesario que encha os tests que se encontran dispoñibles na web. De resultar Apta a avaliación realizada, executarase a operación ordenada e enviámoslle comunicación de CONFIRMACIÓN DE ADQUISICIÓN/TRANSMISIÓN de certificados de depósito para accións de Triodos Bank, xunto co documento de políticas MIFID de aplicación en Triodos Bank no seu caso, que ten a disposición na web [www.triodos.es](http://www.triodos.es). Para calquera consulta ou aclaración, ten á súa disposición o equipo de profesionais de Triodos Bank. Chámenos ao 902 360 940 / 916 404 684 e atenderémolo persoalmente.

Ten máis información no documento relativo á información previa á contratación de CDA e nas preguntas frecuentes da páxina web [www.triodos.es](http://www.triodos.es).

**EMISOR, DEPOSITARIO E COMERCIALIZADOR**

Os certificados de depósito para accións de Triodos Bank (CDA) son emitidos pola Fundación SAAT (Foundation of Strichting Administratiekantoor Aandelen Triodos Bank, rexistrada na cidade de Zeist, Nieuweroordweg 1, 3704 EC, Zeist, Países Baixos, co número de rexistro comercial 41179632). Triodos Bank é a entidade xestora e depositaria dos certificados de depósito para accións de Triodos Bank. Triodos Bank NV, Sucursal en España actúa como entidade comercializadora. Xa que o emisor dos CDA é unha entidade holandesa, o réxime fiscal deste produto de investimento e da rendibilidade que este poida xerar atópase sometida ás peculiaridades propias dun produto non nacional.

Este é un extracto do folleto oficial para a emisión de certificados de depósito para accións de Triodos Bank, datado o 14 de xuño de 2018, e que pode obter de balde contactando con Triodos Bank NV S.E., na páxina web do banco [www.triodos.es](http://www.triodos.es) e cuxo resumo en castelán está publicado na páxina web da Comisión Nacional do Mercado de Valores, [www.cnmv.es](http://www.cnmv.es). A sinatura deste formulario significa a aceptación das condicións de emisión tal e como están descritas no folleto de emisión de certificados de depósito para accións de Triodos Bank accesible en [www.triodos.es](http://www.triodos.es).

O futuro investidor debe analizar polo miúdo o capítulo «Factores de risco» do folleto publicado na Comisión Nacional do Mercado de Valores. De algún dos riscos mencionados se chegaren a materializar, o valor dos certificados de depósito podería diminuír e o investidor podería perder parte ou a totalidade do seu investimento. Debido ás características deste produto, o subscritor deberá consultar toda a información relativa ao mesmo para adoptar a decisión máis axeitada ao seu perfil de investimento.

**FUNDACIÓN PARA A ADMINISTRACIÓN DAS ACCIÓNS DE TRIODOS BANK NV (SAAT)**

(establecida nos Países Baixos como fundación, con sede corporativa en Zeist, Países Baixos)

Oferta de ata 4.000.000 de novos certificados de depósito para accións ordinarias cun valor nominal de 50 euros cada unha en TRIODOS BANK NV (establecida nos Países Baixos como sociedade anónima, con sede social en Zeist, Países Baixos)

Triodos Bank NV (o banco) ofrece a través da Fundación para a Administración das Accións de Triodos Bank (o emisor) ata 4.000.000 de certificados de depósito para accións en forma nominativa (os certificados de depósito) respecto de accións ordinarias en forma nominativa cun valor nominal de 50 € cada unha (as accións) no capital do banco (a oferta). É unha oferta pública presentada en Bélxica, Alemaña, Países Baixos, España e Reino Unido. Este documento (o folleto) constitúe un prospecto para os obxectivos do artigo 5.3 da Directiva 2003/71/CE (Directiva de folletos), modificada pola Directiva 2010/73/CE, e foi preparado consonte ao artigo 5.9 da Lei de Supervisión Financeira (Financial Supervision Act, FSA) e a normativa vixente. Este folleto foi aprobado e arquivado pola Autoridade Holandesa dos Mercados Financeiros (Autoriteit Financiële Markten, AFM). Triodos Bank NV solicitou á AFM que facilite un certificado de aprobación e unha copia deste documento ás autoridades competentes de cada país onde o banco ten sucursais: Bélxica, Alemaña, España e Reino Unido.

Os certificados de depósito non foron nin han ser admitidos para cotizar en ningunha Bolsa de valores. O emisor, non obstante, manterá un mercado para os certificados de depósito. Os certificados de depósito ofrécense só naquelas xurisdicións e a aquelas persoas ás que legalmente lles está permitido ofrecer e vender os certificados de depósito.

Para unha descrición das restricións da oferta, a venda e as transferencias das accións e a distribución deste folleto noutras xurisdicións, véxase o apartado «Restricións de venda e de transferencia».

Os certificados de depósito e as accións subxacentes serán emitidos de forma continua, con exclusión dos dereitos preventivos dos titulares de certificados de depósito (titulares de certificados de depósito) no momento da oferta. O número existente de certificados de depósito será distribuído proporcionalmente nas novas emisións.

O prezo de emisión dos certificados de depósito (o prezo de emisión) será determinado diariamente polo banco sobre a base do valor liquidativo máis recentemente calculado polo banco, dividido polo número de certificados de depósito emitidos (valor liquidativo por certificado de depósito) e con coñecemento dos resultados correntes obtidos polo comité executivo do banco (o comité executivo). Os resultados correntes que se presentaren despois do cálculo do último valor liquidativo serán determinados sobre a base da administración financeira. O prezo de emisión por certificado de depósito será redondeado a euros completos e os decimais de 0,5 euros e superiores serán redondeados á alza. O prezo de emisión aplicable pode ser solicitado ao banco diariamente e publícase tamén nas súas páxinas web locais. En Bélxica [www.triodos.be](http://www.triodos.be), en Alemaña [www.triodos.de](http://www.triodos.de), nos Países Baixos [www.triodos.nl](http://www.triodos.nl), en España [www.triodos.es](http://www.triodos.es) e no Reino Unido [www.triodos.co.uk](http://www.triodos.co.uk).

Percibirase un cargo por transacción do 0,5 %, cun mínimo de 5 euros, por cada compravenda de certificados de depósito. Estes custos de transacción serán calculados sobre o prezo total da transacción, é dicir, o prezo do certificado de depósito multiplicado polo número de certificados de depósito.

Nalgúns períodos poderíanse aplicar descontos sobre o prezo de adquisición ou sobre os custos de transacción para algúns investidores. Estes descontos publicaranse nas páxinas web locais do banco.

As asignacións serán realizadas polo Comité Executivo no nome do emisor. A política de asignación terá en conta a importancia dun diferencial equilibrado das titularidades dos certificados de depósito. Ademais, o número de certificados de depósito posuídos directa ou indirectamente por calquera titular de certificado de depósito será limitado a un máximo do 10 % do número total de certificados de depósito en circulación. O Comité Executivo está autorizado no nome do emisor a rexeitar subscricións sobre certificados de depósito ou a asignar un número limitado. Ademais, o Comité Executivo pode decidir en calquera momento limitar, suspender ou excluír a emisión de certificados de depósito. Calquera decisión de interrupción da emisión será anunciada nas páxinas web locais do banco.

Os certificados de depósito están e han ser inscritos no rexistro de titulares de certificados de depósito (o rexistro), que xestiona o banco. Tras a asignación, o subscritor recibirá unha proba da inscrición no rexistro.

Os dereitos derivados dos certificados de depósito incluídos nesta emisión estarán vixentes desde a data na que se aboar o prezo de emisión ao banco e os certificados de depósito foren entregados ao titular dos certificados de depósito mediante inscrición no rexistro.

O folleto está constituído consonte ao artigo 5.3 da Directiva 2003/71/CE («Directiva de folletos de emisión»), modificada pola Directiva 2010/73/CE, e foi elaborado consonte ao artigo 5.9 da Lei de Supervisión Financeira (Wet Financieel toezicht, FSA) e as normas derivadas desta. Este folleto foi aprobado e presentado ante a Autoridade Holandesa dos Mercados Financeiros (Autoriteit Financiële Markten, AFM).

Este Folleto está datado o 14 de xuño de 2018.